

BASES
#fotolingua
2019



1. Obxecto e ámbito

O Concello de Santiago de Compostela, desde a área de Lingua Galega e a través da páxina: <https://www.facebook.com/fotolingua compostela/> e do perfil de Instagram www.instagram.com/fotolingua compostela/ organiza o concurso **#fotolingua** no que poderán participar todas as persoas usuarias destas redes, maiores de idade, residentes no Estado español e seguidoras desta páxina ou perfil.

A organización do concurso **#fotolingua** agasallará as persoas gañadoras con cadansúa tableta Huawei Mediapad.

2. Descrición e mecánica da promoción

Para participar, as persoas interesadas deberán facerse seguidoras da páxina ou do perfil **#fotolingua** en Facebook ou en Instagram.

Despois deberán compartir unha fotografía na que se amose o galego na paisaxe empresarial e comercial do territorio de Santiago de Compostela.

A imaxe deberá recoller calquera mostra do uso da lingua galega en establecementos comerciais, hostaleiros ou de calquera outra empresa onde se perciba o emprego habitual da lingua: cartelería, escaparates, elementos decorativos, letreiros, etiquetaxe, sinalética...

A foto deberá publicarse acompañada dos tres cancelos do concurso (**#establecementoengalego**, **#fotolingua**, **#ogalegovende**), asemade deberá subirse na páxina de Facebook de **#fotolingua**, no caso de empregar esta rede. De empregar Instagram, deberase etiquetar na imaxe o perfil de **#fotolingua** correspondente a esta rede, e acompañar a imaxe dunha identificación que permita situala (nome do establecemento, enderezo e/ou localización xeográfica) e dun comentario, se vén acaído. Pódense publicar tantas fotos como se desexe.

É condición indispensable que as imaxes dos participantes neste concurso se suban á rede como PÚBLICAS en Facebook e tamén en Instagram. Deste xeito serán visíbeis para todo o mundo, e só así poderán ser recollidas pertinentemente polos administradores do concurso. As publicadas en Facebook «só para amigos» ou aquelas que se fagan en Instagram cunha conta pechada ao público, non cumprirán cos requisitos necesarios para entrar no concurso.

A organización poderá retirar as imaxes que considere ofensivas.

3. Lugar e duración do concurso

Este concurso só terá validez no territorio do Estado español desde o 09/05/2019 ata o 07/06/2019, ambas as datas incluídas.

Os nomes das persoas gañadoras do concurso publicaranse o 10/06/2019.

4. Agasallos

Establécense dúas categorías no concurso:

- A imaxe que obteña máis «gústame» en Facebook, ou «likes» en Instagram na súa publicación orixinal.
- A imaxe seleccionada pola organización, en función da súa orixinalidade e capacidade para transmitir valor positivo á lingua.

As persoas que publicaran as imaxes gañadoras obterán cadansúa tableta Huawei Mediapad.

O organización deste concurso porase en contacto coas persoas gañadoras por mensaxe directa de Facebook ou Instagram a partir do día 10/06/2019 co fin de comunicarlles a obtención do agasallo e darlles as indicacións para recollelo.

Cada un dos gañadores deberá responder confirmando que acepta o seu premio no prazo de 10 días naturais a contar desde o día seguinte ao da comunicación.

No caso de que algunha das persoas gañadoras non conteste no prazo indicado para aceptar o agasallo, non cumpra algunha das normas deste concurso ou non queira ou non poida aceptar o agasallo, quedará descartado.

O agasallo non se trocará polo seu importe en metálico nin por ningún outro premio.

Entre todos os perfís que compartan e axuden a difundir o concurso, faráse un sorteo a través da plataforma Easypromos, dun paquete de experiencias.

5. Normas de control e seguridade

A organización resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta da que sospeite que teña por finalidade ou efecto calquera intento de actuar en fraude da presente promoción ou en incumprimento das súas normas ou en prexuízo de outros participantes, coa primeira e inmediata consecuencia da exclusión da persoa participante e da perda de todo dereito ao agasallo que eventualmente obtivera.

Queda prohibido crear ou ter máis dun perfil de Facebook/Instagram para participar no concurso. A organización resérvase o dereito de invalidar, expulsar, eliminar ou non ter en conta no cómputo aqueles perfís que considere sospeitosos de calquera intento de participación fraudulenta, incluído, a modo enunciativo e non limitativo, o intento de rexistro de máis dun perfil de usuario de Facebook/Instagram por parte dunha persoa, creación de perfís falsos ou usurpación de identidade. Así mesmo, a organización resérvase o dereito de poñer calquera sospeita neste senso en coñecemento da empresa responsábel da plataforma Facebook/Instagram, para que adopte as medidas que correspondan.

Do mesmo xeito, a organización reserva para si o dereito de emprender as accións legais que puidesen corresponderlle.

A organización resérvase o dereito a descargar e excluír do concurso calquera resposta enviada polos usuarios cando o considere oportuno.

A organización resérvase o dereito a excluír participacións que conteñan elementos non adecuados, ao seu xuízo.

6. Limitación da responsabilidade

A organización non é responsábel das interrupcións ou erros en Internet, na páxina **#fotolingua**, na rede por cable, nas redes de comunicacións electrónicas, erros de *software* ou *hardware* nin polos posíbeis erros na introdución e/ou procesamento de respostas, entregas ou datos persoais. No caso de se produciren problemas ou incidencias deste tipo, a organización fará todo o que estea na súa man para corríxilos o antes posíbel, pero non pode asumir ningunha responsabilidade ao respecto.

A organización exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte das persoas usuarias e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario.

7. Outras normas da promoción

A simple participación neste concurso implica a aceptación destas bases na súa totalidade e do criterio interpretativo da organización á hora de resolver calquera cuestión derivada do concurso. A manifestación no sentido de non aceptar as bases implicará a exclusión da persoa participante e, como consecuencia, a organización quedará liberada de calquera obriga con ela.

A organización resérvase o dereito a introducir cambios na mecánica do funcionamento desta promoción en calquera momento e/ou finalizala de forma anticipada se fose necesario por xusta causa, sen que disto poida derivarse responsabilidade ningunha. Non obstante, estes cambios comunicáranse debidamente a través da páxina do concurso e, se é o caso, doutros medios.

A organización fará todo o posíbel para evitar que ningún cambio prexudique uns participantes respecto a outros.

Coa participación nesta promoción recoñécense e acéptanse estas bases e os dereitos de propiedade intelectual sobre os materiais desta promoción correspondentes á organización. A reprodución, distribución ou transformación non autorizada dos materiais publicitarios ou promocionais constitúe una infracción contra os dereitos de propiedade intelectual do titular.

Non poderá participar nesta promoción ningunha persoa que, de calquera xeito, participe na preparación desta promoción.

8. Interpretación das bases e resolución de conflitos

A interpretación destas bases e o seu cumprimento rexeráse pola lexislación española. Calquera controversia que resulte da interpretación ou incumprimento das presentes bases someterase aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela.